

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE NÚM.: 2021/X998/000008

EXPEDIENTE DE DECRETO: 2021/G003/000036

ASUNTO: BASES DO "CONCURSO DE DISFRACES" ENTROIDO 2021. CONCELLO DE SOBRADO

D. Luis Lisardo Santos Ares, alcalde-presidente do Concello de Sobrado (A Coruña),

ANTECEDENTES

Á vista do éxito que obtivo en pasadas edicións e debido, ao interese cultural que ten a celebración do Entroido no noso concello, convócase como en anos anteriores o concurso de disfraces.

Este ano debido ás restricións vixentes a causa da COVID-19, que non permiten a xuntanza de grupos fora do ámbito de convivencia, publicadas no Decreto 8/2021 e Orde do 26 de Xaneiro (DOG Nº16-Bis), o concurso farase empregando as Redes Sociais do Concello de Sobrado.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras do "Concurso de Disfraces" Entroido 2021 con motivo da celebración do Entroido.

SEGUNDO.- Publicar as presentes bases no taboleiro de anuncios do Concello de Sobrado, na súa páxina web e nas redes sociais.

Mandao e asinao, o sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, do que eu, como secretaria-interventora, dou fe.

O alcalde

A secretaria-interventora

Luis Lisardo Santos Ares

Alejandra D Fandiño Sánchez

ANEXO

BASES DA CONVOCATORIA DO "CONCURSO DE DISFRACES". ENTROIDO 2021

o OBXETIVO

- Propiciar actividades de lecer entre os máis xóvenes.
- Fomentar e dar valor as tradicións como riqueza cultural.

o PARTICIPANTES

- Empadroados/as no Concello de Sobrado.
- Rapaces e rapazas nados entre o 2006 e o 2020.

o **DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO**

- Os disfraces terán que ser o máis orixinais posibles, valorándose en maior medida os disfraces de creación propia.
- Para participar deberán enviar ao correo electrónico correo@sobrado.es os seguintes datos:
 - 1.- Autorización para a publicación nas redes sociais do Concello de Sobrado. No caso dos participantes menores de idade, terá que dar o consentimento por escrito o representante legal do menor ou menores. No caso de non firmar este consentimento quedarán excluídos do concurso.
 - 2.- Dúas fotografías nítidas nas que se poida apreciar perfectamente o disfraz.
 - 3.- Título do disfraz.
 - 4.- Nome completo do participante.
 - 5.- Teléfono de contacto.
- Co envío das fotografías, autorizarase ao Concello de Sobrado á publicación das mesmas nas redes sociais. Facéndose esta publicación so co fin de participar no concurso.
- O prazo para enviar as fotografías será dende o mércores 10 ata o lunes 15 de febreiro as 14:00 horas.
- O mércores 17 de febreiro farase a publicación das fotografías nas Redes Sociais do Concello de Sobrado acompañada do listado de gañadores.

o **COMPOSICIÓN DO XURADO**

Estará formado por catro traballadores do concello: un traballador/a da área de Servizos Sociais, un traballador/a da área de Cultura, un traballador/a da área de Deportes e un traballador/a da área de Xuventude.

o **ELECCIÓN DE PREMIADOS**

Cada compoñente do xurado valorará de forma individual a cada participante, outorgándolle unha puntuación do 1 o 5. A puntuación de cada participante será a suma total dos puntos outorgados por cada membro do xurado.

o **PREMIOS**

- Os tres participantes con maior puntuación serán obsequiados cun lote de agasallos.
- Os nomes dos gañadores serán publicados, o mércores 17 de febreiro, mediante as redes sociais do Concello de Sobrado. E notificaráselles persoalmente a data da recollida do agasallo.
- Poderase declarar deserto calquera premio se a xuízo do propio xurado non se reúnen os méritos suficientes.

o **ACEPTACIÓN DAS BASES**

O feito de participar no "Concurso de Disfraces" Entroido 2021 implica o coñecemento e aceptación por parte dos concursantes das bases.